



CONVENIO ENTRE A AXENCIA ESPAÑOLA DE MEDICAMENTOS E PRODUTOS SANITARIOS E A CONSELLERÍA DE SAÚDE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (XUNTA DE GALICIA) PARA A IMPLEMENTACIÓN DOS PROGRAMAS DE OPTIMIZACIÓN DE USO DE ANTIBIÓTICOS (PROA) NO ÁMBITO HOSPITALARIO, DE ATENCIÓN PRIMARIA E SOCIOSANITARIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O vicesecretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade formalizou coa Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a prestación do consentimento das partes, e resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e publicado no *Boletín Oficial do Estado*.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración en relación coa implantación dos Programas de Optimización de uso de Antibióticos (PROA) no ámbito hospitalario, de atención primaria e sociosanitario.

Para iso, colaborarán para a realización das actividades previstas no PRAN (Plan estratéxico e de acción para reducir o risco de selección e diseminación de resistencias aos antimicrobianos) en relación cos devanditos PROA.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.





Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios coordina o PRAN impulsado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.

Que o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobou o 4 de marzo de 2019 as medidas prioritarias do PRAN para o período comprendido entre 2019 e 2021.

Que entre as medidas prioritarias adoptadas se atopa a implantación dos PROA no ámbito hospitalario, de atención primaria e nos centros sociosanitarios.

Que estes programas son altamente eficaces para o manexo de pacientes con infeccións graves no hospital e permitiron mellorar e optimizar o manexo terapéutico antimicrobiano de infeccións frecuentes do paciente ambulatorio.

Que para poder levar a cabo a implementación dos PROA é imprescindible establecer unha colaboración e un apoio mutuo entre a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios e a Consellería de Sanidade da Comunidade Autónoma de Galicia, así como aquelas comunidades autónomas/cidades autónomas que se adhiran a este convenio.

Que segundo o artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, esta Comunidade Autónoma asume as competencias en materia de asistencia sanitaria no dito territorio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

